



LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL (LPM) 1º BACHARELATO

Neste curso, a programación conta con tres centros de interese:

- 1- LINGUAXE MUSICAL, onde se analizarán os elementos básicos de partituras simples a través da súa análise e escoita para facilitar a súa lectura e interpretación instrumental.
- 2- PRÁCTICA MUSICAL. Grazas ao apartado anterior, poderás ter unha interpretación máis rápida e consciente. Tamén poderás compoñer as túas propias melodías usando programas de edición de partituras, audio, etc. Aquí tamén se inclúen as producións musicais e difusión de proxectos colaborativos.
- 3- REPERTORIO, inclúe os exemplos vivos dos distintos contidos aprendidos na aula, e inclúen diversos xéneros musicais: pop, culta, tradicional, etc.

En cada trimestre haberá un proxecto musical colaborativo no que participa toda a clase. A planificación, organización e creatividade sobre un tema proposto será presentado sempre que se poda en formato audiovisual, e se exporá en audicións públicas ou en participación en concursos.

A avaliación versará sobre exercicios prácticos e de repertorio.

Non esquezas que este último será máis interesante, se fas as túas achegas e suxerencias para adaptarse aos teus gustos e intereses. O repertorio tamén será unha oportunidade para practicar e perfeccionar o teu instrumento favorito.

Nas saídas complementarias inclúense a asistencia a concertos organizados pola Fundación ABANCA e audicións en distintas institución da contorna (Residencia de Maiores, eventos que organice o concello,etc)